



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA  
Dirección Xeral de Enerxía e Minas

galicia

**CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A CONSELLERIA DE ECONOMIA,  
EMPREGO E INDUSTRIA E A FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DO  
GRANITO DE GALICIA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DE  
MODELIZACIÓN DA RESTAURACIÓN DE CANTEIRAS.**

En Santiago de Compostela, a 20 de xuño de 2016

**REÚNENSE**

Francisco José Conde López, actuando na representación da Consellería de Economía, Emprego e Industria, en virtude das facultades que, para vincularse neste acto, lle confire artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e da súa Presidencia, e o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, publicado por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG 82 do 30/04/1991).

\_\_\_\_\_, en representación da Fundación Centro Tecnolóxico do Granito de Galicia (en adiante FCTGG), con domicilio en \_\_\_\_\_ e C.I.F. \_\_\_\_\_.

As partes recoñécense mutua e respectivamente a capacidade suficiente para asinar este convenio de colaboración.

**EXPOÑEN**

**PRIMEIRO.-** Que a Consellería de Economía, Emprego e Industria, por medio da Dirección Xeral de Enerxía e Minas ten, entre outras, as funcións de vixilancia, control, promoción e asesoramento técnico ás empresas, asociacións sindicais, asociacións empresariais e entidades publicas e privadas, en materia de seguridade e hixiene e de prevención de enfermidades profesionais no eido da minería, conforme a Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas, a Lei Orgánica 1/1981, o Estatuto de Autonomía de Galicia, a Lei 3/2008, do 23 de maio de Ordenación de Minería de Galicia, ao Real Decreto 2563/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado en materia de industria, enerxía e minas, ao Real decreto 863/1985, de 2 de abril, polo que se aproba o regulamento xeral de Normas Básicas de Seguridade Mineira, e a Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais. Correspóndenlle as funcións citadas no ámbito determinado polo artigo 1 do regulamento xeral de normas básicas de seguridade mineira.

**SEGUNDO.-** Que a FCTGG é unha entidade especializada no fomento da investigación científica e o desenvolvemento tecnolóxico de procesos e produtos e servizos de control de calidade e a asistencia tecnolóxica a entidades e particulares en canto ao sector do granito”, como se indica no artigo 4.2 dos seus estatutos.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Enerxía e Minas

galicia

**TERCEIRO.-** Que o granito ornamental é un recurso da sección C e, polo tanto, leva implícita a declaración de utilidade pública conforme ao disposto na lexislación vixente. Ademais, o sector graniteiro, representado pola Asociación Clúster del Granito, explota este recurso ao abeiro do marco legal vixente. E a FCTGG é a entidade especializada do sector segundo se indicou no expoñendo SEGUNDO.

**CUARTO.-** Que o sector da “Pedra e rochas ornamentais” de Galicia, no que se inclúe o granito, é un sector tradicional da economía galega que o Plan Estratéxico GALICIA 2010-2014 - Horizonte 2020 da Xunta de Galicia considera estratéxico.

**QUINTO.-** Que a Consellería de Economía, Emprego e Industria e o sector empresarial graniteiro Galego consideran necesario levar a cabo un estudo sobre modelización da rehabilitación dos ocos mineiros da minería a ceo aberto de rochas ornamentais, ao obxecto de mellorar a restauración, recuperación e revalorización de áreas afectadas polas actividades mineiras.

En virtude do anteriormente exposto, acórdase a sinatura do presente convenio de colaboración conforme ás seguintes:

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

O presente convenio ten como obxecto determinar o marco de colaboración entre a Consellería de Economía, Industria e Emprego e a Fundación Centro Tecnolóxico do Granito de Galicia para a realización dun estudo técnico para a identificación, análise e a avaliación da modelización para a rehabilitación do espazo afectado por labores mineiras en Galicia, en especial da roca ornamental granito.

### **SEGUNDA.-OBRIGAS DA FCTGG**

A FCTGG levará a cabo as actuacións obxecto do convenio que se describen con detalle no anexo I ao mesmo.

Así mesmo a FCTGG deberá cumprir coas seguintes requisitos ou obrigas:

1. Destinar o importe do financiamento do presente convenio ao obxecto e finalidade que se contén no mesmo.
2. Comunicar á Consellería de Economía, Emprego e Industria a obtención de subvencións e axudas para a mesma finalidade que a do presente convenio, procedentes de calquera outra Administración Pública ou de entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.
3. Achegar os informes e documentos que acrediten o desenvolvemento das actividades do presente convenio, así como os informes e demais documentos requiridos pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Enerxía e Minas

galicia

4. Dar a adecuada publicidade do carácter publico do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución destas actuacións, en cumprimento do artigo 15.3º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

5. De acordo co artigo 37 apartado 2.g) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba a regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, a FCTGG esta obrigada a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

6. A FCTGG, procederá ao reintegro, total ou parcial, dos fondos percibidos máis os xuros de mora devengados dende a momento da concesión ata a de reintegro, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, nos casos previstos no Título II da Lei 9/2007 , de subvencións de Galicia.

7. Seguir as normas sobre protección de datos, concretamente a Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e as normas que a desenvolven.

8. Acreditar ante a Consellería de Economía, Emprego e Industria, con anterioridade a sinatura do presente convenio, que se atopan ao corrente das obrigas tributarias e da seguridade social.

9.- A beneficiaria porá a disposición pública os resultados dos traballos obxecto deste convenio e facilitará aos interesados o acceso ao mesmo.

A beneficiaria obrígase a entregar unha copia idéntica do entregable final obxecto do convenio á Dirección Xeral de Minas e Enerxía para que esta poida poñelo a disposición de calquera interesado no mesmo. Así mesmo, a beneficiaria obrígase a colgar na súa páxina web unha copia idéntica do entregable final para que calquera interesado poida descargalo sen trabas nin custo algún de acordo cos procedementos habituais da entidade e dentro do marco da lexislación vixente respecto diso.

10. Cumprir co resto dos requisitos e das obrigas recollidas no artigo 11º da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

En todo caso, de acordo co artigo 43.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba a Regulamento da Lei 9/2007 , do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Consellería de Economía, Emprego e Industria poderá comprobar, dentro do período de prescrición, o custo así como o valor de mercado das actividades subcontratadas.

### **TERCEIRA: BENEFICIARIOS ASOCIADOS.**

Consonte ao establecido no artigo 8.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderase aplicar a condición de beneficiario aos membros asociados da Fundación Centro Tecnolóxico do Granito de Galicia, que se comprometan a efectuar a totalidade ou unha parte das actividades obxecto do convenio, no nome e por conta da Fundación. Considerase membro asociado aqueles que teñan coa FCTGG unha relación ou vínculo de carácter xurídico non contractual, que se atope recollido nos seus estatutos, en escritura pública ou documento análogo.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Enerxía e Minas



A Asociación Clúster del Granito (ACG), entidade vinculada á FCTGG, terá a condición de beneficiario asociado neste convenio. O reparto das actividades a executar entre a FCTGG e a ACG deberá formalizarse nun convenio entre ambas que recolla o alcance e o tipo de actuación a executar por parte de cada unha delas, así como as obrigas de carácter financeiro e de xustificación técnica e económica das partes.

Os beneficiarios asociados, con obxecto de realizar a totalidade ou parte das actividades da actuación, poderán:

- a) Imputar gastos e realizar pagos.
- b) Recibir os fondos da axuda, transferidos por parte da entidade beneficiaria, que sexan necesarios para a execución da actividade asignada.

En todo o demais relativo ás obrigas como beneficiario estarán ao que se dispoña na CLÁUSULA SEGUNDA e nas demais que lle sexan de aplicación.

#### **CUARTA- OBRIGAS DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA.**

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, por medio da Dirección Xeral de Enerxía e Minas achegará á Fundación Centro Tecnolóxico do Granito de Galicia, en función do orzamento sinalado, a cantidade de NOVENTA MIL EUROS (90.000,00 €) para a anualidade 2016, con cargo á partida orzamentaria 09.20.734-A.781.1 “A familias e institución sen fin de lucro” para levar a cabo as actuacións descritas da cláusula anterior.

A distribución do orzamento é a seguinte:

| PARTIDAS PRESUPUESTARIAS | IMPORTE (€)      |
|--------------------------|------------------|
| RECURSOS HUMANOS         | 54.000,00        |
| SERVIZOS EXTERNOS        | 8.740,00         |
| MATERIAL FUNXIBLE        | 1.200,00         |
| MATERIAL INVENTARIABLE   | 0,00             |
| OUTROS GASTOS            | 8.157,00         |
| CUSTOS INDIRECTOS        | 18.173,00        |
| <b>TOTAL PRESUPUESTO</b> | <b>90.000,00</b> |

Calquera modificación das cláusulas do presente convenio deberá ser solicitada á consellería, quen decidirá sobre a súa procedencia, e no caso de aceptarse se levará a cabo á súa formalización mediante a correspondente “addenda”, consonte ao artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sen prexuízo do anterior e sen necesidade de instar procedemento de modificación de subvención, poderanse aceptar variacións nas partidas de gasto do proxecto subvencionado coa limitación do 25 %, salvo para a partida de recursos humanos que será do 15 %, sempre que non aumente o importe total do gasto aprobado e que non se desvirtúen as características do proxecto.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Enerxía e Minas

galicia

No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha realización deficiente da totalidade do proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe da axuda respecto ao custo total do investimento

#### **QUINTA.- GASTOS SUBVENCIONABLES**

Consideraranse os seguintes conceptos subvencionables ao abeiro deste convenio:

a. **Recursos humanos:** gastos de persoal, tanto da FCTGG como o que se contrate especificamente, especificando a porcentaxe de dedicación ao mesmo.

b. **Material inventariable:** adquisición de equipos e instrumental precisos para a realización das actuacións ao abeiro deste convenio.

Tamén se consideran neste concepto as licenzas e renovacións de licenzas de software específicas para o desenvolvemento do proxecto.

c. **Servizos externos:** contratacións con entidades externas necesarias para o desenvolvemento das actuacións ao abeiro deste convenio.

d. **Material funxible:** Adquisición de materiais funxibles, compoñentes precisos, subministro e produtos similares para a realización das actuacións deste convenio.

e. **Outros gastos relacionados cos proxectos,** como gastos de viaxe, os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica, os gastos de asesoría financeira, os gastos notariais e rexistrais, os gastos periciais (de ser o caso), os gastos de administración, os gastos de garantía bancaria (de ser o caso) e calquera outro ao abeiro do artigo 29º, apdo. 7º da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

f. **Custos indirectos,** considerados como tales aqueles segundo o establecido polo artigo 29º, apdo. 9º da lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e o artigo 42º.6 do Decreto 11/2009 polo que se regula o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia.

Estes gastos poderán ser imputados na parte que razoablemente corresponda ata un máximo do 25% do custo elixible, de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realicen as actividades. Achegase como Anexo II o estudo económico procedente, consonte ao establecido no artigo 42.6 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 xuño, de subvencións de Galicia.

Os tributos serán considerados gastos subvencionables cando o beneficiario os aboa efectivamente consonte ao establecido no artigo 29º, apdo. 8º da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia. En concreto, o imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto subvencionable cando a entidade beneficiaria acredite mediante a correspondente certificación que se encontra acollida ao réxime de exención do IVE.

Con carácter xeral se consideran gastos subvencionables os comprendidos entre o 1 de xaneiro de 2016 e o 15 de decembro de 2016 salvo para os gastos de persoal. Neste capítulo a data para presentar a documentación xustificativa terá como data límite o 17 de decembro de



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Enerxía e Minas

galicia

2016. Os importes das cotas de seguros sociais dos meses de novembro e decembro do ano 2016 serán admitidas para a xustificación do convenio coa presentación do documento de gasto en que se reflicta o importe da cotización devengada, quedando a Fundación CTG obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación antes do 30 de decembro de 2016 e o 29 de xaneiro de 2017 respectivamente.

Así mesmo, e para os importes da nómina do mes de decembro de 2016 admitiranse para a xustificación do convenio coa presentación do documento de gasto en que se reflicta o importe devengado, quedando a Fundación CTG obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación antes do 30 de decembro de 2016.

#### **SEXTA.- SUBCONTRATACION E OS SEUS LÍMITES.**

A subcontratación dos servizos necesarios para acometer as actividades a desenvolver ao abeiro do presente convenio poderá acadar ata o 90 % das mesmas, e realizarase de acordo aos límites e obrigas establecidos no artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 43 do seu regulamento. En todo caso, a Consellería de Economía, Emprego e Industria poderá comprobar, dentro do período de prescrición, o custo así como o valor de mercado das actividades subcontratadas.

De conformidade co apartado 3 do artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, cando a actividade concertada exceda do 20 % do importe da subvención e o dito importe sexa superior a 60.000 € a subcontratación deberá cumprir os requisitos seguintes:

- que o contrato se celebre por escrito.
- que a celebración do mesmo se autorice previamente pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas no Texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobado polo Real Decreto legislativo 3/2011 do 14 de novembro para o contrato menor (modificado pola Lei 12/2011 de 26 de decembro de Medidas Fiscais e Administrativas), a FCTGG deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, prestación do servizo ou entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten o subministren, ou salvo que o gasto se tivera realizado con anterioridade á solicitude da subvención. A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación e, no suposto de non recaer a adxudicación na proposta económica máis vantaxosa, deberán achegar unha memoria na que se xustifique expresamente a elección do adxudicatario do contrato.

A tramitación e contratación das obras ou equipamentos será realizada pola FCTGG conforme a normativa de aplicación, e de cumprirse, os requisitos do artigo 3.3 b) do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, a FCTGG terá a condición de poder adxudicador debendo someterse á disciplina sobre contratación pública nos termos indicados no devandito texto legal, no que se establece distinto ámbito de suxeición segundo se os contratos estean ou non suxeitos a regulación harmonizada ao abeiro do disposto nos artigos 174 e 175 da LCSP.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA  
Dirección Xeral de Enerxía e Minas

galicia

No caso de que a FCTGG dispoña dun Manual de Instrucións de Contratación aprobadas conforme aos preceptos legais correspondentes, deberase seguir os procedementos recollidos nese instrumento, dada a súa natureza de Poder Adxudicados indicada máis arriba.

#### **SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN DA DIFICULTADE DE PROMOVER A CONCORRENCIA PÚBLICA**

O feito de que o convenio teña como beneficiario á FCTGG basease na importancia de que as accións incluídas no mesmo sexan desenvolvidas ao abeiro dun ente de carácter técnico e profesional que, segundo o artigo 4º dos seus estatutos, ten entre os seus fins os seguinte: o apoio ao sector graniteiro, preferente en Galicia, mediante o fomento da investigación científica e o desenvolvemento tecnolóxico de procesos e produtos e o seu control de calidade. Ademais, a FCTGG é socio técnico da Asociación Clúster del Granito de Galicia que é a entidade profesional do sector graniteiro galego.

Deste xeito, vélese ademais pola intención da Xunta de Galicia de fomentar as actuacións colectivas, xuntando os esforzos en torno aos problemas do sector, o que permite definir unha planificación estratéxica e unha mellora conxunta dirixida a potenciar a competitividade do sector do granito de Galicia e a diferenciación dos produtos galegos. O desenvolvemento do presente convenio trae causa nos estudos e traballos técnicos levados a cabo ata o momento pola FCTGG, coa dirección e a colaboración da ACG, polo que é este o ente axeitado para as actividades obxecto deste convenio.

Polo que, atendendo ao carácter singular que se deriva das excepciónais circunstancias nas que se realizan as actividades obxecto de convenio, concorren circunstancias que determinan a dificultade de promover a concorrência dada a finalidade e as características específicas das actuacións a realizar, aos efectos do establecido no artigo 19.4. c) e 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

#### **OITAVA.- VIXENCIA.**

Este convenio entrara en vigor ao día seguinte da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2016.

Admitiranse actividades do presente convenio anteriores a súa sinatura levadas a cabo dende o 1 de xaneiro de 2016.

#### **NOVENA.- PAGAMENTO**

O pagamento derivado deste convenio farase efectivo pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, previa xustificación dos gastos soportados pola Fundación Centro Tecnolóxico do Granito de Galicia, consonte ao establecido na cláusula décima deste convenio.

De acordo cos artigos 62 e 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba regulamento da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia, as achegas da Consellería se librarán do seguinte xeito.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Enerxía e Minas



1. Un primeiro pagamento, en concepto de anticipo, por importe de CORENTA E CINCO MIL EUROS (45.000,00 €), que corresponden ao 50 % da subvención, unha vez asinado o convenio.
2. Un segundo pagamento por importe de ata VINTESETE MIL EUROS (27.000,00 €), unha vez presentada a documentación establecida na cláusula 10ª e xustificada a cantidade correspondente, incluíndo a abonada en concepto de anticipo.
3. Un derradeiro pagamento polo importe restante, DEZAOITO MIL EUROS (18.000,00 €) ao concluír os traballos obxecto do convenio e xustificada a totalidade da axuda.

Segundo o establecido no artigo 65.4 g do Decreto 11/2009, a FCTG queda exonerada da constitución de garantías correspondentes no caso de pagos a conta, tanto na modalidade de pagos anticipados como de pagos fraccionados.

#### **DÉCIMA. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS**

Consonte ao establecido no artigo 37º do Decreto 11/2009 que establece o Regulamento que desenvolve a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, establécese a compatibilidade da axuda concedida neste convenio con calquera outra destinada ao mesmo fin, calquera que sexa a súa natureza e a entidade que a conceda sempre que, conxuntamente, non superen o custo da actividade subvencionada.

Asemade, de acordo co establecido no artigo 11º, apdo. d) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia a Fundación deberá cumprir coa obriga de comunicar á Dirección Xeral de Enerxía e Minas cantas axudas, subvencións, ingresos ou recursos sexan obtidas para financiar adicionalmente estas mesmas actividades.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACION**

A data limite para a presentación da correspondente xustificación da realización das actividades do presente convenio para o ano 2016, será o 15 de decembro de 2016. Admitiranse os xustificantes de gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2016 ata o 15 de decembro de 2016.

A xustificación da subvención por parte do beneficiario realizarase mediante a achega da seguinte documentación:

A. Certificación do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade do cumprimento da finalidade do convenio e da aplicación dos fondos destinados para tal efecto.

B. Declaración responsable do rendemento da conta xustificativa segundo o modelo recollido no Anexo I do presente convenio que inclúa o seguinte:

1. Unha Memoria de Actuación xustificativa do cumprimento das actividades obxecto do convenio. Presentarase un informe final detallado con indicación o grao de cumprimento respecto ao planificado e os resultados obtidos, no seu caso, achegarase un exemplar dos estudos ou proxectos elaborados, así como calquera entregable, material gráfico, folleto ou fotografías que se obteña no desenvolvemento de cada actividade. Así mesmo, deberá acreditarse o patrocinio da Xunta de Galicia.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Enerxía e Minas

galicia

2. Unha Memoria Económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterá:

- a. Unha relación, por orde cronolóxica, clasificada dos gastos e investimentos, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pago. Esta táboa virá asinada e selada polo responsable da entidade. (Ademais do formato papel entregárase formato Excel de acordo aos modelos establecidos no anexo).
- b. Orixinais ou fotocopias compulsadas dos documentos acreditativos do investimento ou actuación consistentes en facturas dos provedores ou documentos de valor probatorio equivalente:

Os documentos de gasto ordenaranse seguindo a mesma orde que a indicada na relación clasificada dos gastos.

As facturas e xustificantes de gasto deberán reunir os seguintes requisitos, de acordo co establecido no Real Decreto 1619/2012 relativo ás obrigacións de facturación:

- Deberá poder identificarse de forma clara o número da factura e a súa data de emisión.
- Deberá identificarse correctamente tanto o destinatario dos bens ou servizos como o obrigado a expedir a factura, incluíndo as súas correspondentes razóns ou denominacións sociais, números de identificación fiscal e domicilio.
- O concepto da factura deberá ser claro e relacionado coa actividade subvencionada, describindo as operacións e a data de realización das mesmas.
- No caso das subcontratacións o documento xustificativo ou factura deberá facer referencia á actividade ou tarefas subcontratadas no marco do proxecto en cuestión.
- Deberá poderse identificar o tipo impositivo ou tipos impositivos aplicados ás operacións.
- Finalmente, deberá poderse identificar a cota tributaria repercutida, que deberá consignarse por separado.

En calquera caso, o importe xustificado de cada factura será o valor total da mesma sen IVE. Para poder incluír o IVE como gasto financiable, o beneficiario deberá presentar o correspondente Certificado de estar exento do pago do IVE.

Cada documento xustificativo achegado deberá conter un selo da entidade no que se indique a imputación do gasto ao proxecto subvencionado. Para isto deberá indicarse como mínimo: Nome da entidade subvencionada, nome do convenio ou orde reguladora da subvención e contía imputada.

Se as facturas están en idioma distinto do galego ou español, deberase achegar tradución da descrición do servizo, subministración ou outro tipo de gasto que corresponda, debéndose axustar as facturas aos requisitos que esixa a lexislación de cada país estranxeiro.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA  
Dirección Xeral de Enerxía e Minas



Para a xustificación dos gastos de persoal deberá achegarse:

- Para as retribucións: Nóminas e contratos de traballo.
- Para as cuotas da Seguridade Social: Modelos TC1/ TC2 da TGSS. Se sinalarán no documento as liñas correspondentes aos traballadores que imputan horas ao proxecto.
- Xustificación bancaria do pago das nóminas e do pago da Seguridade Social.
- Para a imputación das horas: Unha certificación asinada e selada polo responsable da entidade, na que conste: nome e apelidos do persoal, posto de traballo que ocupa na entidade, tarefa que desempeñou relacionada coa actividade subvencionada, número de horas adicadas, custo hora e importe total imputado.

O custo hora calcularase do seguinte xeito:

$$\text{Custo/hora} = (X+Y):H$$

X = Retribucións íntegras satisfeitas ao empregado, de acordo co declarado no modelo 190 do IRPF ou nóminas e contrato. Neste concepto non se inclúen importes correspondentes ás dietas.

Y = Cuota patronal anual satisfeita á Seguridade Social polo traballador, calculada aplicando á base de cotización expresada nos modelos TC2 debidamente identificada multiplicada polo coeficiente final resultante de la aportación do beneficiario á Seguridade Social por ese empregado.

H = Horas anuais do empregado segundo o convenio de aplicación ao beneficiario.

A data para presentar a documentación xustificativa nos gastos de persoal terá como data límite o 17 de decembro de 2016. Os importes das cotas de seguros sociais dos meses de novembro e decembro do ano 2016 serán admitidas para a xustificación do convenio coa presentación do documento de gasto en que se reflicta o importe da cotización devengada, quedando a Fundación CTG obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación antes do 30 de decembro de 2016 e o 29 de xaneiro de 2017 respectivamente.

Así mesmo, e para os importes da nómina do mes de decembro de 2016 admitiranse para a xustificación do convenio coa presentación do documento de gasto en que se reflicta o importe devengado, quedando a Fundación CTG obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación antes do 30 de decembro de 2016.

No tocante aos gastos de viaxe (máximo dúas persoas) considerarase como gasto máximo por desprazamento, realizado a través de autobús, tren ou avión, o importe do billete. No caso de desprazamentos realizados polo persoal do beneficiario empregando vehículos particulares, estarase ao establecido no artigo 14.6 do Decreto 144/2001 da Administración Autonómica de Galicia que estipula 0,19 €/km. No tocante á



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Enerxía e Minas



xustificación das distancias entre inicio e destino, empregarase o calculador establecido pola Comisión Europea para o abono dos desprazamentos en proxectos europeos ([http://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/tools/distance\\_en.htm](http://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/tools/distance_en.htm)).

Os gastos máximos por aloxamento e manutención serán considerados nas contías establecidas para o persoal funcionario, no Anexo II, Grupo 2, do Decreto 144/2001, de 7 de xuño de indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia. Estes gastos xustificaranse mediante a presentación da seguinte documentación acreditativa:

- Os gastos de aloxamento e manutención xustificaranse mediante o documento de liquidación de dietas, podendo utilizar o modelo que aparece no Anexo e debendo presentar a correspondente factura expedida polo establecemento hostaleiro ou pola axencia de viaxes. Non serán obxecto de subvención os gastos extraordinarios como os de teléfono, minibar, etc
- Os gastos de desprazamento xustificaranse mediante documento de liquidación de dietas e gastos, detallado igualmente no Anexo, acompañado en todo caso dos correspondentes billetes e factura da Axencia de Viaxes.
- No caso de que se utilizaron os servizos dunha axencia de viaxes, deberase presentar, ademais da factura da mesma (na que se especifique o número de persoas e días de estancia, así como os conceptos obxecto do gasto: transporte, aloxamento, vehículo de alugueiro, etc.) as facturas individuais ou colectivas dos establecementos hostaleiros ou documento acreditativo da prestación do servizo, así como os títulos de transporte para o mesmo fin.
- Cando as facturas sexan colectivas, presentarase a correspondente certificación da entidade na que conste o nome e relación coa entidade dos usuarios.

Os custes indirectos poderán formar parte da xustificación da subvención, sempre que a FCTGG impute estes á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en calquera caso, na medida en que tales custes correspondan ao período en que efectivamente se realiza a actividade. Neste caso, deberanse reflectir os criterios de reparto dos custes indirectos incorporados

c. Orixinal ou copia compulsada da documentación bancaria dos pagamentos (excepción feita daqueles documentos dos que a empresa non custodia orixinais –cheques–). Presentarase adxunto a cada documento de gasto o seu correspondente documento de pagamento e o extracto bancario onde figure o cargo correspondente.

No caso de que exista un mesmo documento de pagamento para varios documentos de gasto, deberase fotocopiar o documento de pagamento tantas veces como documentos de gasto aos que faga referencia, e achegarase a cada un dos documentos de gasto unha copia do devandito documento de pagamento.

Non se admiten os pagamentos en efectivo.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Enerxía e Minas

galicia

Os xustificantes bancarios de pagamento deben coincidir exactamente co importe da factura, IVE incluído. No caso de que o importe reflectido no documento bancario non coincida co importe do documento de gasto (pagamento agrupado), deberase remitir un desglose dos pagamentos efectuados xunto cos documentos de gasto, onde se poida identificar o gasto en cuestión.

3. Xustificante das axudas obtidas ou declaración das solicitadas ou que se prevé obter para o mesmo investimento en calquera outra administración, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais; indicando a súa contía.

4. Certificados acreditativos de estar ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

5. Copia compulsada do último recibo do IAE, cando o beneficiario deba estar dado de alta no imposto de actividades económicas. No caso de que o beneficiario fose suxeito pasivo do IAE pero estivese exento do pago deste tributo, aportará declaración responsable na que se fagan constar tales circunstancias. Por último cando o beneficiario non estea suxeito á citada obriga tributaria aportará declaración responsable na que figure que non está suxeito a dito imposto.

De ser o caso, memoria a que se fai referencia na cláusula quinta relativa á xustificación da non elección do adxudicatario do contrato coa proposta máis vantaxosa.

Os membros asociados da FCTGG están na obriga de cumprir os requisitos de xustificación respecto das actividades executadas en nome e por conta da FCTGG ao abeiro deste convenio.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que considere precisa, en relación coa xustificación do cumprimento do obxecto do convenio.

## **DÉCIMO SEGUNDA.- CONTROL**

A Consellería de Economía, Emprego e Industria poderá levar a cabo as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento da subvención.

De acordo a artigo 30.1 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia, a Consellería de Economía, Emprego e Industria comprobará a adecuada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou disfrute da subvención. En todo caso, de acordo co artigo 43.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Consellería de Economía, Emprego e Industria poderá comprobar, dentro do período de prescripción, o custo así como o valor de mercado das actividades subcontratadas.

Alén do anterior, as subvencións estarán sometidas a función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, e á obriga de facilitar toda a información que estas lle requiran consonte ao artigo 40.1.h) do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Enerxía e Minas



### **DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE**

A entidade beneficiaria do presente convenio consente expresamente o tratamento necesario dos datos relevantes deste convenio e a súa publicación na paxina web, no Diario Oficial de Galicia, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, coas excepcións previstas no artigo 15.2º d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Do mesmo xeito, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, consente expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos, no devandito rexistro.

### **DÉCIMO CUARTA - PUBLICACIÓNS**

Nas publicacións ou en calquera outra forma de difusión dos resultados a que poidan dar lugar os traballos de investigación realizados, deberase facer mención á colaboración prevista neste convenio e ás partes do mesmo.

Así mesmo, farase constancia expresa do carácter público do financiamento da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, incluíndo a imaxe corporativa institucional que esta lle facilite, en toda información e comunicación das actividades e resultados obxecto deste convenio.

### **DÉCIMO QUINTA.- AUTONOMÍA DA BENEFICIARIA.**

A FCTGG manterá a súa autonomía respecto da Administración, o que supón que, a pesar de que a actividade dos mesmos favorece o interese xeral, a Administración non percibe a cambio da súa entrega, e cunha vinculación de carácter casual, unha vantaxe ou beneficio que afecte de forma directa a aquelas actividades que a Administración debe asumir como propias no exercicio de competencias que as normas lle atribúen.

Non obstante, ambas partes conveñen que os dereitos de propiedade intelectual e de propiedade industrial que poidan xerarse a consecuencia das actividades desenvolvidas ao abeiro do presente convenio, pertencerán por igual á Consellería de Economía, Emprego e Industria e á FCTGG, que subscribirán un convenio específico, no seu caso, aos efectos de regular as obrigas e dereitos respecto ao título de propiedade intelectual e industrial.

### **DÉCIMO SEXTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

Para garantir a correcta execución e seguimento do pactado neste Convenio, constituirase unha Comisión de Seguimento e Coordinación integrada por dous representantes da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, un deles actuará como presidente, e dous representantes da Fundación CTG, designados a tal efecto por cada parte.

Son funcións da Comisión de Seguimento e Coordinación as seguintes:

1. Realizar o seguimento das actuacións do Convenio.
2. Propor solucións aos conflitos que puideran xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio.
3. As que sexan precisas para garantir a correcta execución do convenio.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Enerxía e Minas



A Comisión reunirase as veces que sexan precisas á solicitude de calquera das partes asinantes.

Esta Comisión rexerase en canto a súa constitución, funcionamento e adopción de acordos pola normativa vixente en materia de órganos colexiados regulada na sección 3ª do capítulo primeiro do Título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

#### **DÉCIMO SÉTIMA.-CONFIDENCIALIDADE**

A FCTGG comprométese a manter a confidencialidade de toda a información facilitada que teña dito carácter.

Cando a FCTGG desexa utilizar algún dato que teña carácter de confidencial para a súa publicación ou difusión, deberá solicitar a autorización da Consellería.

#### **DÉCIMO OITAVA.- RELACION LABORAL COA CONSELLERÍA**

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades a desenvolver no presente convenio e a Xunta de Galicia, de maneira que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

#### **DÉCIMO NOVENA.- PERDA DO DEREITO AO COBRO E REINTEGRO DA AXUDA.**

1. Producirase a perda do dereito ao cobro da axuda ou, no seu caso, procederá o reintegro da mesma cos intereses correspondentes, nos supostos e termos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

2. O reintegro das axudas rexerase polo establecido no Título II da Lei de subvencións de Galicia e no Título V do Regulamento da devandita Lei.

3. Na gradación dos posibles incumprimentos que determinen a perda do dereito ao cobro ou o reintegro das axudas, teranse en conta os seguintes criterios:

a) Cando o cumprimento polo beneficiario aproxímese de modo significativo ao cumprimento total e acredítese por este unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, a cantidade a reintegrar virá determinada pola aplicación dos seguintes criterios de proporcionalidade:

1.º O incumprimento dos obxectivos parciais ou actividades concretas da actuación levará a devolución daquela parte da axuda destinada ás mesmas.

2.º A realización de gastos fora do prazo de execución, suporá a devolución das cantidades investidas fora de prazo.

3.º A non presentación das correspondentes xustificacións, de acordo co establecido na cláusula oitava do presente convenio, levará a devolución das cantidades percibidas e



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Enerxía e Minas



non xustificadas, logo do requirimento establecido no punto 2, artigo 45 do Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

b) O incumprimento total e manifesto dos obxectivos establecidos no presente convenio será causa de reintegro total da axuda.

### **VIXÉSIMA.- MODIFICACION**

Poderase acordar a modificación deste convenio, por instancia do beneficiario, sempre que presente a solicitude de modificación con anterioridade á data de finalización do prazo de xustificación do panel de actuacións obxecto do convenio, e se cumpran os seguintes requisitos:

- Que a modificación do proxecto ou actuación demostrativa estea comprendida dentro da finalidade establecida neste convenio.;
- Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros;
- Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de ter concurrido na concesión inicial, non supuxesen a non realización deste convenio.

O acto polo que se acorde ou denegue a modificación da resolución será ditado polo conselleiro de Economía, Emprego e Industria logo da instrución do correspondente expediente no que se lle dará audiencia ao interesado.

Unha vez instruído o expediente, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, porase de manifesto aos interesados para que, nun prazo de dez días, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que consideren pertinentes.

Non obstante, poderase prescindir do trámite a que se refire o parágrafo anterior cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

Se a modificación proposta polo beneficiario non supón o incremento do orzamento ou a modificación do obxecto do convenio ou a introdución de novas actuacións ou a conversión do actual convenio nun convenio plurianual, non será necesaria a realización de addenda e bastará co procedemento sinalado anteriormente neste artigo.

### **VIXÉSIMO PRIMEIRA.- RESOLUCION**

Serán causas de resolución do presente convenio procedendo ao reintegro, total ou parcial, da axuda percibida e dos xuros de demora correspondente dende o momento do pagamento de toda a subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro das determinadas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

- a desviación dos fondos outorgados para outra finalidade distinta da sinalada neste convenio.
- incumprimento da obriga da xustificación do investimento realizado.
- incumprimento de calquera outra das cláusulas establecidas no mesmo.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA  
Dirección Xeral de Enerxía e Minas



- transcurso do tempo estipulado sen que se desenvolva o mesmo.
- acordo mutuo das partes.

Asemade, no caso de que algunha das partes estivese interesada na resolución do acordo con anterioridade á finalización do prazo de vixencia, deberá comunicalo de forma fidedigna á outra parte con trinta (30) días naturais de antelación estando obrigada, en todo caso, a realizar aquelas actuacións ás que se comprometese con terceiros por motivo da execución do convenio.

En caso de resolución, a FCTGG terá dereito a que se lle reembolsen os gastos xustificadas con anterioridade á data de resolución.

#### **VIXÉSIMO SEGUNDA.- NATUREZA E RESOLUCION DE CONFLITOS**

O presente convenio ten carácter administrativo. Correspóndelle ao conselleiro de Economía, Emprego e Industria a interpretación do mesmo e a resolución das dúbidas que xurdan sobre o seu cumprimento, sendo os acordos tomados neste sentido inmediatamente executivos. As posibles cuestións litixiosas serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa de conformidade coa Lei reguladora de dita xurisdición.

#### **VIXÉSIMO TERCEIRA.- SUPLETORIEDADE**

O presente convenio queda excluído do ámbito de aplicación do Real decreto lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do Sector Público, en virtude do establecido no seu artigo 4.1, sen prexuízo da aplicación dos principios do devandito texto legal para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

O presente convenio rexerase polas súas propias cláusulas e en todo o non recollido nelas aplicárase o disposto para esta materia na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais normas de dereito administrativo.

Tendo lido o presente convenio e, en proba de conformidade asínase por todas as partes, por triplicado exemplar, no lugar e data ao principio indicados.

Pola Consellería de Economía, Emprego e  
Industria

Pola Fundación Centro Tecnolóxico do  
Granito de Galicia

Francisco Conde López